



ACTA Nº 2023/13

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 27 de setembro de 2023

No día de hoxe, ás 09:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D.^a Mario Andujar Mouzo

D. Sergio Miñones Oanes

D. Manuel Pose Tomé

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamin Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.



Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2023.

2º. Ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre necesidade de actuacións inmediatas e urxentes, dado o seu grave deterioro, na ponte do Va Pedroso, ubicada no tramo de Berdoias-Boallo, camiño no que conflúen a Vía Mariana, o Vieiro Fidalgo e os camiños de Santiago.

3º.- Ditame sobre aprobación da modificación de créditos núm. 2023/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito financiado con novos ou maiores ingresos con destino a financiamento liquidacións obras. Expte TEDEC 2023/T002/000043

4º.- Ditame sobre aprobación da modificación de créditos núm. 2023/SC/03, na modalidade de suplemento de crédito financiado con novos ou maiores ingresos e destino a financiamento de gastos correntes diversas aplicacións orzamentarias. Expte TEDEC 2023/t002/000047

5º.- Ditame sobre bonificación do ICIO a Ganadería Penelo, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción dunha granxa de vacas de carne, situada en Bamiro. Expte TEDEC 2019/X999/000169

6º.- Ditame sobre bonificación do ICIO a Granxa Riveiro, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción de estabulación libre de gando vacún de leite e fosa de purín, situada no lugar de Magro, parroquia de Calo. Expte TEDEC 2022/X999/000158

7º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023. Exp. 2023/A008/000046.

8º.- Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vimianzo. Expte TEDEC 2023/G013/000001.

B) Sección de control

9º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

10º. Mocións de urxencia.

11º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:



A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión celebrada o 26 de xullo de 2023.

2º.- Ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre necesidade de actuacións inmediatas e urxentes, dado o seu grave deterioro, na ponte do Va Pedroso, ubicada no tramo de Berdoias-Boallo, camiño no que conflúen a Vía Mariana, o Vieiro Fidalgo e os camiños de Santiago.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2023, que se reproduce a continuación:

"2º.- Proposta de ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre necesidade de actuacións inmediatas e urxentes, dado o seu grave deterioro, na ponte do Va Pedroso, ubicada no tramo de Berdoais-Boallo, camiño no que conflúen a Vía Mariana, o Vieiro Fidalgo e os camiños de Santiago.

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG, na data do 12 de setembro de 2023, con RE 202399900001639 sobre a necesidade de actuacións inmediatas e urxentes, dado o seu grave deterioro, na ponte do Va Pedroso, ubicada no tramo de Berdoais-Boallo, camiño no que conflúen a Vía Mariana, o Vieiro Fidalgo e os camiños de Santiago, na que se insta ao goberno municipal ao seguinte:

"(...) 1. Se adopten de inmediato as medidas oportunas de cara á restauración, rehabilitación integral, e mantemento anual da ponte do Va Pedroso.

2. Se proceda á limpeza necesaria en tramos deste camiño Berdoias-Boallo (no camiño das Carreiras), así como a limpeza das inmediacións do patrimonio do Camiño como no caso das Alvarizas de Francisco..., feito que conta co total beneplácito dos propietarios."

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Asuntos Xerais, por dous votos a favor (1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP), cinco abstencións do PSdeG-PSOE e ningún voto en contra, emite ditame favorable á moción presentada."

D. Benjamín Queiro Pérez explica o interese turístico e cultural da ponte medieval xa que pasan 3 camiños, o fidalgo, mariano e de Santiago.

Dilixencia: Ás 9:07 entra na sesión plenaria D. José Manuel Rodríguez.



Comenta que cedeu unha columna e a ponte cáese, e por tanto solicitan se tomen medidas de restauración e mantemento anual.

D. José Manuel Rodríguez Blanco traslada que non sabe se fan falla permisos pero debería haberse resolto en verán.

A Alcaldesa-Presidenta critica que non fixera unha chamada en relación con este asunto e que o mantemento se fixo e se solicitou permisos a patrimonio e augas, e sendo este un municipio activo de roteiros procúrase telos en bo estado.

En todo caso, dí que por urxentes hai moitas obras e é difícil chegar a todas.

D. Benjamín Queiro Pérez replica que os plenos son cada dous meses e que poden presentar as mocións que estimen convenientes, amáis pregunta que actuacións se fixeron e compromisos para a rehabilitación da ponte.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que claro que poden presentar as mocións que estimen convintes pero se pode chamar en calquera momento que están dispoñibles. Continúa falando da asociación coa que hai comunicación en relación con este asunto, e que a necesidade xa ven de anteriores mandatos tendo que ser necesaria autorización de Augas e Patrimonio e o proxecto xa está redactado. Por último diferencia entre a limpeza do camiño e do cauce.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º.- Ditame sobre aprobación da modificación de créditos núm. 2023/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito financiado con novos e ou maiores ingresos con destino a financiamento liquidacións obras. Expte TEDEC 2023/T002/000043

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 22 de setembro de 2023, que se reproduce a continuación:

"1º.- Proposta de ditame sobre aprobación da modificación de créditos núm. 2023/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito financiado con novos ou maiores ingresos con destino a financiamento liquidacións obras. Expte TEDEC 2023/T002/000043

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de setembro de 2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente - Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2023/T002/000043 2023/SC/02
---	---	--------------------------------

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente financiar os gastos seguintes:

- Mantemento e mellora de estradas municipais nas parroquias de Berdoias. Proxecto 2018/2/POS18/4. Importe: 9.324,54 euros.
- Mellora da Av. Da Gándara entre o instituto e a área recreativa do muiño no Concello de Vimianzo. Proxecto 2019/2/POS19/1. Importe: 7.815,57 euros.
- Senda peonil na contorna do rego de Cambeda dende a rúa Vilar ata Av. De Fisterra. Proxecto 2019/2/POS19/5. Importe: 4.505,67 euros.
- Rede de saneamento en Carantoña. Proxecto 2021/2/POS21/3. Importe 5.941,27 euros.
- Mellora de acceso Sisto, Baiñas. Proxecto 2021/2/POS21/5. Importe. 15.612,13 euros.
- Mellora do viario no núcleo de Manlle (Baiñas). Proxecto 2022/2/POS22/3. Importe 4.274,30 euros.
- Mellora da capa de rodaxe da estrada DP 1603. Proxecto 2022/2/SBD22/1. Importe: 1.264,32 euros.
- Pavimentación no lugar do Porto de Cereixo. Proxecto 2022/2/SBD22/2. Importe: 5.562,99 euros.

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
453 61900	Estradas Invr en reposición Infraestruturas	14.863,16 €
1532 61900	Pavimentación de vías públicas Invr en reposición Infraestruturas	28.990,69 €
171 61900	Parques e xardíns Invr en reposición Infraestruturas	4.505,67 €
160 60900	Sumidoiros Invr en reposición Infraestruturas	5.941,27 €
TOTAL GASTOS		54.300,79 €

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	PREVISTO	RECAUDADO
113	I.B.I URBANA	972.300,00 €	1.360.182,02 €
TOTAL INGRESOS		972.300,00 €	1.360.182,02 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por cinco votos a favor do PsdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP) e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo."

O Interventor explica brevemente as aplicacións orzamentarias afectadas.

A Alcaldesa-Presidenta explica que é preciso polos excesos de medición nas certificacións finais de obras.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por doce votos a favor (10 PsdeG-PSOE, 1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, quedando por tanto aprobado o ditame.

4º.- Ditame sobre aprobación da modificación de créditos núm. 2023/SC/03, na modalidade de suplemento de crédito financiado con novos ou maiores ingresos e destino a financiamento de gastos correntes diversas aplicacións orzamentarias. Expte TEDEC 2023/T002/000047

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 22 de setembro de 2023, que se reproduce a continuación:

"2º.- Proposta de ditame sobre aprobación da modificación de créditos núm. 2023/SC/03, na modalidade de suplemento de crédito financiado con novos ou maiores ingresos e destino a financiamento de gastos correntes diversas aplicacións orzamentarias. Expte TEDEC 2023/T002/000047

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de setembro de 2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente - Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2023/T002/000047 2023/SC/03
---	---	--------------------------------

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/03, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente financiar os gastos seguintes:

- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 1532 22699 "Pavimentación de vías públicas Outros gastos diversos" co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello. Importe: 50.600,00 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 334 22799 "Promoción cultural Outros traballos realizados" co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello que están suxeitas a financiamento alleo pendente de concesión. Importe: 75.000,00 euros.
- Incrementar o crédito existente da aplicación orzamentaria 341 48102 "Promoción e fomento deporte Axudas actividades deportivas". Importe: 6.000,00 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 920 22799 "Administración xeral Outros traballos realizados" para facer fronte a gastos derivados do normal funcionamento da administración deste Concello. Importe: 100.301,97 euros.

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
1532 22699	Pavimentación de vías públicas Otros gastos diversos	50.600,00 €

334 22799	Promoción cultural Outros traballos realizados	75.000,00 €
341 48102	Promoción e fomento deporte Axudas actividades deportivas	6.000,00 €
920 22799	Administración xeral Outros traballos realizados	100.301,97 €
TOTAL GASTOS		231.901,97 €

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	PREVISTO	RECAUDADO
113	I.B.I URBANA	972.300,00 €	1.360.182,02 €
TOTAL INGRESOS		972.300,00 €	1.360.182,02 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por cinco votos a favor do PsdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP) e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.

O Interventor explica brevemente as aplicacións orzamentarias afectadas.

A Alcaldesa-Presidenta explica que é pertinente esta modificación co fin de financiar gasto corrente.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

5º.- Ditame sobre bonificación do ICIO a Ganadería Penelo, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción dunha granxa de vacas de carne, situada en Bamiro. Expte TEDEC 2019/X999/000169

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 22 de setembro de 2023, que se reproduce a continuación:



"3º.- Proposta de ditame sobre bonificación do ICIO a Ganadería Penelo, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción dunha granxa de vacas de carne, situada en Bamiro

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 1 de xuño de 2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO a Ganadería Penelo, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción dunha granxa de vacas de carne, situada en Bamiro

Visto expediente núm. 2019/X999/000169 promovido por Ganadería Penelo, SC, representada por D. Marcos García Senande, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 61 do 2 de abril de 2018.

Na data do 5 de novembro de 2021 mediante escrito con RE 202100000004285 presentase documentación para dar cumprimento ao requirido polo Concello.

Posteriormente, o 16 de abril de 2023, presentase novo escrito con RE 202300000001818 xunto co que se achega documentación para dar cumprimento ao requirido polo Concello.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro accidental, na data do 15 de maio de 2023 e no que se di o seguinte: **"ASUNTO: Informe para bonificación de ICIO en relación ás obras de CONSTRUCCIÓN DUNHA GRANXA DE VACAS DE CARNE, situada no lugar de Bamiro, parroquia de Bamiro, promovidas por GANADERIA PENELO SC, CIF. J70591011.**

Expte. TEdC 2019/X999/000169

MANUEL VICENTE ANTELO SANTOS, Tesoureiro do Concello de Vimianzo (A Coruña).

ANTECEDENTES

Expediente sobre **"solicitude de licenza de obras de construción dunha granxa de vacas de carne, situada no lugar de Bamiro, parroquia de Bamiro"** promovidas por **GANADERIA PENELO SC, CIF. J70591011.**

Providencia da Alcaldía sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos Servizos económicos).

Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP núm. 175 do 15 de setembro de 2016 e BOP núm. 61 do 2 de abril de 2018):

Artigo 6º.-Bonificacións e deducións

"6.1.- Establécense unha bonificación do 40% da cota do imposto en favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2.- Establécense bonificacións por concorrer circunstancias de fomento do emprego de ata o 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se realicen no Parque Empresarial de

Vimianzo; ou que sexan realizadas por agricultores ou gandeiros e que queden afectas a dita actividade durante un prazo de dous anos dende o remate das obras.

Para ter dereito a esta bonificación alomenos o 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo. As bonificacións que se establecen son as seguintes:

a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e mais do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto.

b) Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo, a porcentaxe da bonificación determinarase en función do orzamento de execución material e do número de novos postos de traballo creados, de acordo coa seguinte táboa: .../..."

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: GANADERIA PENELO SC CIF. J70591011

Enderezo social: LUGAR BAMIRO, NUM.17 15129 VIMIANZO (A Coruña)

Enderezo fiscal : LUGAR BAMIRO, NUM.17 15129 VIMIANZO (A Coruña)

(Aporta no expediente copia da Tarxeta de Identificación Fiscal da citada empresa con Código Electrónico de verificación na Axencia Tributaria con número BA90F0927762FCF1).

Consta certificado de situación censual con enderezo fiscal no LUGAR BAMIRO NUM. 17 15129 VIMIANZO (A Coruña). Documento con CSV H5JPCWYEN5SCXP32 da Axencia Tributaria estando dado de Alta desde 25/10/2019 e no censo de actividades económicas do IAE no exercicio 2023 no epígrafe B02 – ACTIVIDADE GANDEIRA.

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

A.- Referente a **"Bonificación do alomenos do 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con enderezo fiscal en Vimianzo".**

Non consta nada referente a este apartado.

B.- Referente a **"Cando o suxeito pasivo do imposto teña o enderezo fiscal en Vimianzo, e máis do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto".**

Vista a solicitude na que se menciona que a actividade a realizar será realizada pola Sociedade GANADERIA PENELO SC composta por dous socios (Juan Carlos García García e Marcos García Senande) segundo consta na escritura de data 30/05/2019 de constitución de dita sociedade e aportada ao expediente obxecto da solicitude de licenza.

Asimesmo, aporta no expediente a relación de traballadores do promotor no que achega un Informe de vida laboral dos socios que constan en situación de "ALTA" na empresa os seguintes:

DNI	NOME E APELIDOS	ENDEREZO
***1606**	JCGG	BAMIRO, 17
***0649**	MGS	BAMIRO, 17

Examinados os Volantes de Empadramento individuais que constan no expediente, a citada empresa **CUMPRE a porcentaxe de máis do 50% do persoal empadroados en VIMIANZO** xa que 2 de 2 traballadores (representan un 100% do total) teñen enderezo no Concello de Vimianzo e tendo en conta a



Ordenanza fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo, especifica taxativamente que ***a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e mais do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto***").

C.- Referente a ***"Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo .../..."***

NON consta documentación algunha ao respecto no expediente.

CONCLUSIÓN

Tendo en contado o exposto anteriormente, a porcentaxe que se lle podería aplicar como bonificación do ICIO no expediente de referencia é de alomenos dun NOVENTA E CINCO (95) POR CENTO por cumprirse soamente os requisitos do apartado B.- citados.

En todo caso, este é o meu informe que somete a calquera outro con mellor criterio fundado en dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis oportuno.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo o presente informe electronicamente.

O Tesoureiro

⁽¹⁾ ***Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales***

Artículo 78 Naturaleza y hecho imponible

1. El Impuesto sobre Actividades Económicas es un tributo directo de carácter real, cuyo hecho imponible está constituido por el mero ejercicio, en territorio nacional, de actividades empresariales, profesionales o artísticas, se ejerzan o no en local determinado y se hallen o no especificadas en las tarifas del impuesto.

2. Se consideran, a los efectos de este impuesto, actividades empresariales las ganaderas, cuando tengan carácter **independiente**, las mineras, industriales, comerciales y de servicios. **No tienen, por consiguiente, tal consideración las actividades agrícolas, las ganaderas dependientes**, las forestales y las pesqueras, no constituyendo hecho imponible por el impuesto ninguna de ellas.

A efectos de lo previsto en el párrafo anterior, tendrá la consideración de ganadería independiente el conjunto de cabezas de ganado que se encuentre comprendido en alguno de los casos siguientes:

- a) Que pade o se alimente fundamentalmente en terras que non sean explotadas agrícola o forestalmente por el dueño del ganado.
- b) El estabulado fuera de las fincas rústicas.
- c) El trashumante o trasterminante.
- d) Aquel que se alimente fundamentalmente con piensos no producidos en la finca en que se cría."

Considerando que nas obras que se pretende levar a cabo (construción dunha granxa de vacas de carne, situada en Bamiro) concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras.

Tendo en conta ademáis o carácter eminentemente rural do noso concello e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades.



Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Ganadería Penelo, SC, representada por D. Marcos García Senande, unha bonificación do 95,00 % da cota do ICIO para a construción dunha granxa de vacas de carne, situada en Bamiro, recoñecendo o especial interese municipal das obras que se van realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
(art. 194.2 da LOREG)
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por seis votos a favor (5 PsdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo."

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

6º.- Ditame sobre bonificación do ICIO a Granxa Riveiro, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción de estabulación libre de gando vacún de leite e fosa de purín, situada no lugar de Magro, parroquia de Calo. Expte TEDEC 2022/X999/000158

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 22 de setembro de 2023, que se reproduce a continuación:

"4º.- Proposta de ditame sobre bonificación do ICIO a Granxa Riveiro, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción de estabulación libre de gando vacún de leite e fosa de purín, situada no lugar de Magro, parroquia de Calo

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 1 de xuño de 2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO a Granxa Riveiro, SC pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción de estabulación libre de gando vacún de leite e fosa de purín, situada no lugar de Magro, parroquia de Calo

Visto expediente núm. 2022/X998/000158 promovido por Granxa Riveiro, SC, representada por D. José Manuel Rodríguez Álvarez, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal



reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 61 do 2 de abril de 2018.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro accidental, na data do 15 de maio de 2023 e no que se di o seguinte:

“**ASUNTO:** Informe para bonificación de ICIO en relación ás obras de CONSTRUCCIÓN DE ESTABULACIÓN LIBRE DE GANDO VACÚN DE LEITE E FOSA DE PURÍN, situada no lugar de Magro, s/n, parroquia de Calo, promovidas por GRANXA RIVEIRO SC, CIF. J70125422.

Expte. TEdC 2022/X999/000158

MANUEL VICENTE ANTELO SANTOS, Tesoureiro do Concello de Vimianzo (A Coruña).

ANTECEDENTES

Expediente sobre “**solicitud de licenza de obras de construción de estabulación libre de gando vacún de leite e fosa de purín, situada no lugar de Magro, parroquia de Calo**” promovidas por **GRANXA RIVEIRO SC, CIF. J70125422.**

Providencia da Alcaldía sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos Servizos económicos).

Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP núm. 175 do 15 de setembro de 2016 e BOP núm. 61 do 2 de abril de 2018):

Artigo 6º.-Bonificacións e deducións

“6.1.- Establécense unha bonificación do 40% da cota do imposto en favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2.- Establécense bonificacións por concorrer circunstancias de fomento do emprego de ata o 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se realicen no Parque Empresarial de Vimianzo; ou que sexan realizadas por agricultores ou gandeiros e que queden afectas a dita actividade durante un prazo de dous anos dende o remate das obras.

Para ter dereito a esta bonificación alomenos o 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo. As bonificacións que se establecen son as seguintes:

a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e mais do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto.

b) Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo, a porcentaxe da bonificación determinarase en función do orzamento de execución material e do número de novos postos de traballo creados, de acordo coa seguinte táboa: .../...”

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: GRANXA RIVEIRO SC CIF. J70125422

Enderezo social: LUGAR MAGRO, NUM. 9 15129 VIMIANZO (A Coruña)

Enderezo fiscal : LUGAR MAGRO, NUM. 9 15129 VIMIANZO (A Coruña)



(Aporta no expediente copia da Tarxeta de Identificación Fiscal da citada empresa con Código Electrónico de verificación na Axencia Tributaria con número B55A5F6829365E20).

Consta certificado de situación censual con enderezo fiscal no LUGAR MAGRO NUM. 9 15129 VIMIANZO (A Coruña). Documento con CSV XCUUDSPEZQUWSVAC da Axencia Tributaria.

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

A.- Referente a “**Bonificación do alomenos do 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con enderezo fiscal en Vimianzo**”.

Aporta no expediente unha memoria explicativa da construción onde no **punto II Obras a realizar do proxecto por empresas con enderezo fiscal en Vimianzo** manifesta que “Para la instalación de la cubierta del establo, obras anejas, almacén y fosa de purín (15,27% del presupuesto de ejecución material), el promotor decide que será realizado la empresa PEREZ REY SL, con domicilio en el Parque empresarial de Vimianzo y para la ejecución de la cimentación (16,31% del presupuesto de ejecución material), el promotor decide contratar a la empresa FERRALLA TABOADA SLL con domicilio en el lugar de Calo (Vimianzo)”.

Examinado o padrón do IAE ⁽¹⁾ DO CONCELLO DE VIMIANZO EXERCICIO 2022 compróbase que:

EMPRESA	CIF.	% Obra	RESULTADO
PEREZ REY SL	B15353535	15,27%	Non figura
FERRALLA TABOADA SL	B15775307	16,31%	Sí figura. [Epígrafe 3142-Fabricación de estruturas metálicas]

Consecuentemente, NON CUMPRE o requisito do apartado A.-

B.- Referente a “**Cando o suxeito pasivo do imposto teña o enderezo fiscal en Vimianzo, e máis do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto**”.

Aporta no expediente a relación de traballadores do promotor no que achega un Informe de vida laboral da empresa de data 19/12/2022 – Referencia A1572212000001 Huella RIQLR8BV e cos datos dos traballadores que constan en situación de “ALTA” na empresa os seguintes:

DNI	NOME E APELIDOS	ENDEREZO
76316678X	CAG	MAGRO, 9
79327508W	JMRA	RUA TRASARIZ, 69 2º - VIMIANZO
47372603D	VEF	RUA TRASARIZ, 69 2º - VIMIANZO
Y6495494D	MF	CALABANDA, 12

DNI	NOME E APELIDOS	ENDEREZO
78809739D	DTR	CALO, 28

Examinados os Volantes de Empadramento individuais que constan no expediente, a citada empresa **CUMPRE a porcentaxe de máis do 50% do persoal empadroados en VIMIANZO** xa que 5 de 5 traballadores (representan un 100% do total) teñen enderezo no Concello de Vimianzo e tendo en conta a Ordenanza fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo, especifica taxativamente que ***"a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e máis do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto"***).

C.- Referente a ***"Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo .../..."***

NON consta documentación algunha ao respecto no expediente.

CONCLUSIÓN

Tendo en contado o exposto anteriormente, a porcentaxe que se lle podería aplicar como bonificación do ICIO no expediente de referencia é de alomenos dun NOVENTA E CINCO (95) POR CIENTO por cumprirse soamente os requisitos do apartado B.- citados.

En todo caso, este é o meu informe que somete a calquera outro con mellor criterio fundado en dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis oportuno.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo o presente informe electronicamente.

O Tesoureiro

⁽¹⁾ Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales

Artículo 78 Naturaleza y hecho imponible

1. El Impuesto sobre Actividades Económicas es un tributo directo de carácter real, cuyo hecho imponible está constituido por el mero ejercicio, en territorio nacional, de actividades empresariales, profesionales o artísticas, se ejerzan o no en local determinado y se hallen o no especificadas en las tarifas del impuesto.

2. Se consideran, a los efectos de este impuesto, actividades empresariales las ganaderas, cuando tengan carácter independiente, las mineras, industriales, comerciales y de servicios. No tienen, por consiguiente, tal consideración las actividades agrícolas, las ganaderas dependientes, las forestales y las pesqueras, no constituyendo hecho imponible por el impuesto ninguna de ellas.

A efectos de lo previsto en el párrafo anterior, tendrá la consideración de ganadería independiente el conjunto de cabezas de ganado que se encuentre comprendido en alguno de los casos siguientes:

- a) Que pade o se alimente fundamentalmente en terras que non sean explotadas agrícola o forestalmente por el dueño del ganado.**
- b) El estabulado fuera de las fincas rústicas.**
- c) El trashumante o trasterminante.**
- d) Aquel que se alimente fundamentalmente con piensos no producidos en la finca en que se críe."**



Considerando que nas obras que se pretende realizar (construción de estabulación libre de gando vacún de leite e fosa de purín, situada en Magro, parroquia de Calo) concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras.

Tendo en conta ademais o carácter eminentemente rural do noso concello e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Granxa Riveiro, SC, representada por D. José Manuel Rodríguez Álvarez, unha bonificación do 95,00 % da cota do ICIO para a construción de estabulación libre de gando vacún de leite e fosa de purín, situadas no lugar de Magro, parroquia de Calo, recoñecendo o especial interese municipal das obras que se van realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa

(art. 194.2 da LOREG)

Mónica Rodríguez Ordóñez."

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por seis votos a favor (5 PsdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por once votos a favor (10 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), dúas abstencións do BNG e ningún voto en contra, quedando por tanto aprobado o ditame.

7º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023. Exp. 2023/A008/000046.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo o venres, día 22 de setembro de 2023, que se reproduce a continuación:

"1º.- Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023. Exp. 2023/A008/000046

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de setembro de 2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2023. EXP.2023/A008/000046.

Tendo en conta a circular sobre POS+Adicional 2/2023 (RE 202300000001666, de 18/04/2023) no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 648.555,15 euros así como a circular sobre a elaboración do Plan (RE 202300000002585, de 16/06/2023), e as bases publicadas no BOP núm.228 de data 01/12/2022 respecto deste Plan, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de ditame:

1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	97.830,52 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
---	---	---	---	---	---
TOTAL	---	---	---	---	---

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Humanización e mellora urbana no primeiro tramo da rúa Castela e fronte da praza do Concello	344.856,05 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	344.856,05 €

Mellora do viario de Carnio a Arxomil e outros	74.340,67 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	74.340,67 €
Pavimentación en Colúns	131.527,91 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	131.527,91 €
TOTAL	550.724,63 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	550.724,63 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	97.830,52 €				97.830,52 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	550.724,63 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	550.724,63 €
TOTAL	648.555,15 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	648.555,15 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos agás para o proxecto de Pavimentación en Colúns, que se están tramitando, e que ten resolto ou se está tramitando todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asino en Vimianzo,
A Alcaldía
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Obras e Urbanismo, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

D. José Manuel Rodríguez Blanco comenta que todas as obras son importantes e que lle gustaría que nas próximas convocatorias se lles chamara para escoitar propostas.

D. Benjamín Queiro Pérez dí que comparte a opinión do voceiro do PP e pregunta polas obras de repavimentación, manifestando o seu acordo coas obras de pavimentación da rúa de Vimianzo, Vázquez Mouzo e máis.

A Alcaldesa-Presidenta expresa que está aberta a calqueira proposta e que se compromete a cumprir coa petición realizada, amais traslada que lles gustaría poñer máis obras que o diñeiro é o que é, e urbanización da zona do Castelo xa estaba comprometida.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por once votos a favor (10 PsdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), dúas abstencións do BNG e ningún voto en contra, quedando por tanto aprobado o ditame.

8º.- Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vimianzo. Expte TEDEC 2023/G013/000001

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o venres, día 22 de setembro de 2023 que se reproduce a continuación:

“1º.- Proposta de ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vimianzo. Expte TEDEC 2023/G013/000001

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de setembro de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aprobación inicial da Ordenanza de administración electrónica. Exp. 2023/G013/000001.

Consta no expediente o borrador da Ordenanza de administración electrónica do Concello de Vimianzo, que consta de 6 títulos, 40 artigos, 2 disposicións adicionais, 1 disposición derogatoria e 2 disposicións finais, que ten como obxecto o desenvolvemento do procedemento administrativo común para a xestión administrativa deste Concello e cuxa tramitación se realizará, en todo caso, por medios electrónicos, en aplicación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público .

Consta o informe emitido polo secretario xeral do concello, de data 12 de setembro de 2023, en sentido favorable á aprobación da dita Ordenanza, que dí o seguinte:

"INFORME XURÍDICO:

ASUNTO: APROBACIÓN ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

EXPTE: 2023/G013/000001.

Emítese este informe xurídico á vista da providencia de Alcaldía de data 8 de setembro de 2023, conforme ó disposto no artigo 173 do ROF e 54 do TRRL, así como o artigo 3.3.d)1º do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, no seo das funcións reservadas de asesoramento legal preceptiva contidas no artigo 92.bis. Da LBRL.

Legislación Aplicable:

- Constitución Española - CE-.
- Ley 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril- TRRL-.
- Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro- ROF-.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro - LPACAP-.
- Lei 5/97 de 22 de xullo - LALGA-.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro – LRXSP-.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro – LTIPBG-.

Consideracións Xurídicas:

PRIMEIRA.- As EELL, como administracións territoriais cuxa autonomía local ven recoñecida na CE nos artigos 137 e 140 e trasladada ós artigos 2 e 3 da LBRL, teñen atribuídas as potestades previstas no artigo 4 desta norma, entre as cales atópanse as potestades regulamentarias e organizativa.

Neste senso, segundo o artigo 2.1 da LBRL, *para la efectividad de la autonomía garantizada constitucionalmente a las Entidades Locales, la legislación del Estado y la de las Comunidades Autónomas, reguladora de los distintos sectores de acción pública, según la distribución constitucional de competencias, deberá asegurar a los Municipios, las Provincias y las Islas su derecho a intervenir en cuantos asuntos*



afecten directamente al círculo de sus intereses, atribuyéndoles las competencias que proceda en atención a las características de la actividad pública de que se trate y a la capacidad de gestión de la Entidad Local, de conformidad con los principios de descentralización, proximidad, eficacia y eficiencia, y con estricta sujeción a la normativa de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

Dita potestade regulamentaria supón a capacidade de desenrolar normas con rango legal derivadas da potestade lexislativa que recae na administración territorial do Estado e das CCAA, conforme a distribución competencial prevista nos artigos 148 e 149 da CE.

Deste xeito, o artigo 105 da CE garante ós cidadáns a existencia de procedementos administrativos para relacionarse coas administracións como manifesta o precepto 34 da LPAC que dispón que *los actos administrativos que dicten las Administraciones Públicas, bien de oficio o a instancia del interesado, se producirán por el órgano competente ajustándose a los requisitos y al procedimiento establecido.*

Esta potestade atópase suxeita ó control dos tribunais como impón o artigo 106 da CE e o artigo 8 da Lei Orgánica 6/85 de 1 de xullo que establece que *los Tribunales controlan la potestad reglamentaria y la legalidad de la actuación administrativa, así como el sometimiento de ésta a los fines que la justifican.*

A ordenanza que se plantexa para a súa aprobación, é unha ordenanza tipo trasladada pola Deputación da Coruña, co fin de adaptar e adecuar o procedemento administrativo electrónico e as relacións cos cidadáns e interesados por parte desta administración, conforme á normativa básica disposta na LPAC, LRXSP e RD 203/2021 de 30 de marzo que puxo fin á vacatio legis prevista na Disposición Final 7ª da Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Esta ordenanza facilitará o coñecemento máis cercano e concreto da normativa de aplicación, que se atopará a dispor dos cidadáns no portal de transparencia municipal e páxina Web do Concello, en cumprimento da publicidade activa imposta polo artigo 105 da CE e artigo 7 da LTIPBG.

Nesta liña, a Disposición Final 5ª da LPAC establecía a obrigada adaptación normativa para procedementos incompatibles coas novas leis xemelgas.

Antes de abordar o contido da ordenanza, cabe referirnos ó controvertido Título VI da LPAC, obxecto de múltiples sentencias entre as cales destacan a STC 55/2018 de 24 de maio; STSJ de Galicia de 30 de abril de 2015 e as STS de 31/01/2023 e 6/02/2023.

Neste título, regulanse aspectos a ter en conta no exercicio da potestade regulamentaria de tódalas administracións públicas incluída a local, e así, deberanse contemplar na exposición de motivos das mesmas de xeito xustificativo, os principios de boa regulación previstos no artigo 129 desta norma: *necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia.*

Este precepto foi declarado inconstitucional sempre que se interpretase conforme a STC 55/2018, non sendo de aplicación salvo un par de parágrafos ás CCAA, olvídanse a citada sentenza das AALL, co cal en principio segue de aplicación para as mesmas.



Respecto o Plan Anual normativo, o mesmo argumentario salvando a súa inexistencias nas entidades locais como unha irregularidade non invalidante á vista da citada STSJ de Galicia.

Máis complexa é a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración dos regulamentos contemplada no artigo 133 da LPAC e a nivel local de xeito xenérico nos artigos 69 e 70 da LBRL.

Así, este precepto contempla de forma complementaria ós procedementos especiais, a previa consulta pública e audiencia específica a cidadáns afectados coa excepción de que estemos ante normas orzamentarias ou organizativas ou concurran razóns graves de interese público.

Amáis de que cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero.

O contido deste precepto, foi sendo matizado pola xurisprudencia, pasando de obrigatorio como normativa complementaria no exercicio da potestade regulamentaria local, a non aplicable dado o carácter supletorio da LPAC (Disposición Adicional 1ª) fronte ó principio de lex specialis, sobre todo en materia tributaria y urbanística local.

Este interpretación é máis acorde co principio de autonomía local, xa que as AALL teñen normativa específica de elaboración, tramitación, aprobación e entrada en vigor das súas ordenanzas conforme ós artigos 49 da LBRL; 17 e ss. da Lei de Facendas Locais e o Título II da Lei 2/2016 de 10 de febreiro de Solo de Galicia.

SEGUNDA.- OBSERVACIÓNS:

Respecto ó contido da ordenanza, nos seus sete Títulos reproduce de xeito sinxelo o contido da LPAC en relación cos principios de aplicación aludindo ós previstos no artigo 3 do RD 203/2021 de 30 de marzo; procedemento administrativo electrónico, notificación, arquivo electrónico e organización.

Hai aspectos que considero non conforme a dereito e que serán modificados para elevar ó Pleno da corporación para a súa aprobación.

Así, na exposición de motivos non se fai referencia ós principios de boa regulación, máis por razóns de economía procesal e estar desenrolados ó longo do articulado, non será óbice para a súa aprobación.

No artigo 2 que regula o ámbito subxetivo, xunto coa clásica aplicación ás administracións públicas e entes dependentes, organismos públicos ou sociedades mercantis de carácter privado, amplíase ós adxudicatarios de contratos de xestión de servizos públicos nas súas relacións cos usuarios e cidanía.

Este parágrafo debe ser suprimido, xa que estamos ante entidades de carácter privado independentes das AAPP que se relacionan cos cidadáns sen aplicar a LPAC e demais normativa procedimental administrativa, xa que serían relacións de carácter civil.

Outra cousa, é que derivados dos seus actos, puidera xurdir algún tipo de responsabilidade patrimonial que afectase a administración contratista por defectos do proxecto respectivo ou por unha orde directa desta nos termos previstos no artigo 196 da Lei 9/2017 de 8 de novembro -LCSP-.

Mais, non se pode concebir como acto administrativo o que emane dunha empresa privada e por tanto non pode formar parte do ámbito subxetivo desta ordenanza como tampouco forman parte do ámbito subxetivo da LPAC; LRXSP ou LCSP.

Aparte de que a figura do contrato de xestión de servizo público deixa de existir coa nova lei de contratos que transpón a Directiva europea 2014/24, desligándose no contrato administrativo de servizos; concesión de servizos ou concesión de obra pública.

No artigo 34, en relación coa protección de datos, enúmeranse normas sen citar a máis importante e de directa aplicación sen transposición ó noso ordeamento, como é o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016.

Por último, deberase suprimir o Título VII relativo ás normas de organización, xa que afecta directamente a distribución competencial entre órganos municipais, non sendo atribución desta ordenanza e infrinxa aquela pois atribúe facultades regulamentarias á Alcaldía da corporación que carece delas, sendo unicamente o Pleno da corporación o órgano competente en materia regulamentaria para dictar normas de efectos xerais, innovadores e con vocación de permanencia no tempo ex artigos 22.2.d) e 123.1.d) da LBRL.

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN.

Como xa expusen, o procedemento de aprobación das ordenanzas non tributarias ven perfectamente disposto na normativa básica local, delimitándose dúas fases, inicial e definitiva expresa ou tácita, no caso de que na fase de exposición pública de 30 días non se presentaran alegacións ou reclamacións algunha.

Así, o artigo 49 da LBRL determina que *la aprobación de las Ordenanzas locales se ajustará al siguiente procedimiento:*

- a) Aprobación inicial por el Pleno.*
- b) Información pública y audiencia a los interesados por el plazo mínimo de treinta días para la presentación de reclamaciones y sugerencias.*
- c) Resolución de todas las reclamaciones y sugerencias presentadas dentro del plazo y aprobación definitiva por el Pleno.*

En el caso de que no se hubiera presentado ninguna reclamación o sugerencia, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.

CUARTA.- ÓRGANO COMPETENTE E QUORUM.

O órgano competente que ostenta a atribución en materia regulamentaria é o Pleno da Corporación tanto nos municipios de réxime común, art. 22.2.d) da LBRL, coma nos municipios do Título X desta norma, art. 123.1.d), sen perxuízo de que nestes últimos a XGL ten atribuída a competencia en materia de aprobación dos proxectos de ordenanza e regulamentos salvo os de organización de pleno e comisións.

O quorum é o xenérico previsto no artigo 47.1 e 123.2 da LBRL; é dicir, maioría simple dos presentes.



QUINTA.- ENTRADA EN VIGOR E IMPUGNACIÓN.

Dacordo ó previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65, ambos da LBRL, a aprobación definitiva e inmediatamente executiva (Art. 51 da LBRL), mais a eficacia da norma postérgase ós 15 días hábiles da súa publicación no BOP correspondente.

Contra a aprobación de disposicións xerais só caberá Recurso Contencioso- Administrativo directo, sen perxuízo da impugnación indirecta dos actos da mesma por razóns materiais ou sustantivas, e no por razóns formais da súa aprobación como matiza reiterada xurisprudencia do TS.

Todo elo, conforme o artigo 112.3 da LPAC de carácter básico.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a ordenanza referida e corrixida, para a súa elevación ó Pleno da corporación previo ditame da comisión informativa correspondente.

O Secretario
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Tamén consta a proposta da Ordenanza de administración electrónica do Concello de Vimianzo, unha vez recollidas as modificacións indicadas no informe do secretario xeral e asinada pola alcaldesa na data do 18 de setembro de 2023.

Tendo en conta o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril resultador das bases de réxime local.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno da corporación previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de administración electrónica do Concello de Vimianzo, asinada pola Alcaldía na data do 18 de setembro de 2023.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no citado boletín oficial, os cidadáns poidan presentar reclamacións e suxerencias que consideren oportunas.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno das reclamacións que se formulen para resolvelas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase elevado automaticamente a definitivo o acordo da aprobación inicial.

CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva ou no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da ordenanza, publicarase no BOP da Coruña e no portal de transparencia deste concello.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,



Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

O Secretario explica brevemente o contido e finalidade desta adaptación sen que vaia a modificar as actuais relacións do cidadán coa administración local.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

B) Sección de control

9º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario dé conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 21-07-2023 con número 1059/2023 ata o día 22-09-2023 con número 1339/2023.

O Pleno do Concello douse por enterado.

10º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

11º. Rogos e preguntas.

D. José Manuel Rodríguez Blanco pregunta:

- En relación co equipo do Soneira, por que descendeu e non se convocou reunión cos socios.
- Como se atopa a obra da Ponte do Castelo.
- En relación cun cartel de prohibido paso que figura en Baíñas.
- Cambio da dirección das frechas da vía mariana.

Por último roga que en caso de inauguracións de obras se lles avise.

D. Benjamín Queiro Pérez pregunta:

- Se a cesión das escolas deportivas infantís ó Clube Soneira, vai con dotación económica e roga que se axude por parte do concello para os gastos de transporte.
- En relación co cruceiro entre Baíñas e Berdoias, que pasou, se hai contacto con Patrimonio, se se vai a contratar empresa especializada para a súa reparación e onde e como están custodiadas as pezas.

En relación coas obras da Ponte Quesada con Castrelos, comenta casos particulares de accesibilidade e roga se habilite unha pontella provisional.



Respecto a estrada de Lavandeira- Vilaseco, ó cruzar camiões de gran envergadura estropease e roga se poña unha sinalización de prohibido o seu paso.

Por último, explica que se abstiveron na votación do POS porque non tiveron acceso ó expediente, polo que roga se adxunten coas convocatorias das Comisións Informativas.

A Alcaldesa-Presidenta responde en relación co Soneira, que está moi orgullosa dese clube pero descoñece as razóns do seu descenso non sendo da súa competencia ou influencia.

En relación á obra de Ponte Castrelo, contesta que está pendente, que fixo fotos, que falou co director de obra e xefe de servizo da Deputación, e os prazos se están a cumprir pero como toda obra, conleva incomodidades inevitables.

Respecto as frechas, son da vía Celtiga pero non informe oficial e por último, non hai inconvinte en invitar ás inauguracións das obras pero hai que ter en conta que en 4 anos únicamente inauguraron unha.

En relación co peche do camiño privado, informarase e comunicará o que haxa.

Continúa respecto ás preguntas e rogos do voceiro do BNG, que para a cesión das escolas infantís, foi algo que pediu o clube e non é posible pagar o transporte do fútbol base directamente. Habilitouse dotación económica en forma de suplemento de crédito para subvencións nominativas e antes de falar, deberíase informar un coas familias e cos directivos sendo ideal que fora todo gratis, pero o clube e privado e ten que financiarse e non entra na xestión económica do mesmo.

Dilixencia: Prodúcese unha interrupción por parte dun membro do público que marcha indignado, e a Alcaldesa-Presidenta pide educación e respecto, recordando que non se permiten intervencións do público nas sesións plenarias salvo casos específicos explicados polo Secretario da corporación.

En relación co cruceiro da Vía Mariana, explica que foi un tractor propio o que produciu os danos e falouse cunha empresa especializada para a súa recuperación con proposta económica, estando as pezas ben gardadas e con comunicación e información coa asociación encargada da súa defensa.

Respecto ós problemas de accesibilidade derivados das obras na Ponte Castrelo, falouse con servizos sociais e as persoas afectas, e estaría resolto. En relación cunha pontella provisional, non cabería como obra menor sendo preciso unha actuación completa con proxecto e demais, non habendo crédito para elo, amais non cabería o seu carácter provisional e habería que pedir permisos a patrimonio e Augas de Galicia sendo público e notorio a súa tardanza polo que só cabe rematar a obra principal.

En relación coa sinalización de prohibido o paso ós camiões, xa está sinalizado e saben que non deben pasar.



Por último, a Alcaldesa-Presidenta contesta que os expedientes están rematados antes da comisión informativa correspondente e teñen tempo para acceder a eles, e non entende por tanto a abstención no asunto do POS xa que houbo 8 días entre o mércores que se convocan as comisións e o seguinte mércores que se celebra o pleno, e amáis hai xunta de voceiros se fora preciso.

Intervén Dna. Lorena Suárez Pazos para facer un rogo e a Alcaldesa-Presidenta alude a imposibilidade de facelo xa que non é voceira, xa que foi sempre así.

Dna. Lorena Suárez Pazos insiste no seu dereito e o Secretario á petición da Alcaldesa-Presidenta explica que está permitido polo ROF, pero hai que gardar un orde e a dirección da sesión plenaria lle corresponde á presidenta ó seu prudente arbitrio.

En todo caso, excepcionalmente se lle permite facer un rogo que consiste en solicitar que se entregue a documentación das sesións plenarias coa convocatoria xa que non hai transparencia.

A Alcaldesa-Presidenta reitera a contestación dada ó mesmo asunto e alude a que deberá concretarse a petición da documentación sen que poida ser de xeito xenérico, e que os expedientes non se fan en 5 minutos para o seu acceso, teñen que ir con marca de auga e demais aspectos conexos.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:40 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz